



BASES 15.º CONCURSO DE MAQUETAS 'QUEIXO MAQUETÓN'

1.º- **Poderán tomar parte** todos aqueles grupos ou solistas con residencia no Estado español que non teñan ningún álbum publicado, coa excepción dos autoeditados ou que non teñan firmado ningún contrato discográfico.

2.º- **Só se admitirán** traballos encadrados estilisticamente dentro do pop rock e novas tendencias: Rock, Pop, Post Rock, Tecno Pop, Power Pop, Art Rock, Indie, Indie Pop, Electrónica, Electro Pop, Electroclash...

3.º- **O PRAZO de presentación** de propostas remata o **15 DE XANEIRO DE 2024** ás 15h. A semana seguinte, o concello de Arzúa publicará o nome do grupo/artista gañador que será contratado para actuar en Arzúa o sábado 2 de marzo de 2024. O concerto celebrárase aproximadamente ás 21:30 h.

4.º- **Todos os grupos ou solistas que desexen participar** no concurso Queixo Maquetón 2024, deberán enviar un **email a proxectoqueixomaqueton@gmail.com**, onde nos farán chegar:

- Os títulos das (3) tres cancións que se presenten a concurso, que deberán estar publicadas no Myspace, Bandcamp ou outra plataforma similar.
- Unha fotografía de calidade en formato JPEG (máx 10 Mb)
- Una biografía do grupo/solista en formato DOC (Word ou similar)
- Dirección, CP, teléfono, correo e a plataforma na que estean colgadas as cancións a concurso.

5.º- **O gañador será elixido por un xurado**, que estará formado por profesionais relacionados coa música e os membros da organización, e valorará especialmente a calidade musical da banda ou solista e o encaixe artístico na filosofía do festival. É imprescindible ter un repertorio propio dun mínimo de 30 minutos de duración. O gañador cede os temas presentados a concurso para o seu posible uso promocional do evento.

6.º- **O gañador deberá estar dado de alta na Seguridade Social antes do 2 de marzo de 2024** para poder ser contratado para actuar por un importe de 1.300 euros.

7.º- O gañador, ou un dos seus integrantes, formará parte do xurado da seguinte edición, escollendo xunto co resto dos seus membros o grupo ou solista gañador de 2025.

8.º- O incumprimento total ou parcial das presentes bases será motivo de descualificación. A Organización do Queixo Maquetón resérvase o dereito de poder modificar total ou parcialmente as presentes bases e de colocación do grupo ganador no horario e escenario que estime oportuno.

PREMIOS

- **1.300 € EN CONCEPTO DE CACHÉ** pola actuación no **Festival do Queixo** o sábado 2 de marzo de 2024 con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento. O premio será aboado mediante transferencia bancaria.
- **ENTREVISTA PROMOCIONAL** en Radio Arzúa e as redes sociais do evento.

Arzúa, 30 de novembro de 2023

ORGANIZA



Concello
de Arzúa



festadoqueixo.org



facebook.com/festaqueixo



instagram.com/festadoqueixo



[@festaqueixo](https://twitter.com/festaqueixo) | [@queixomaqueton](https://twitter.com/queixomaqueton)



youtube.com/festadoqueixo